



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Urbanismo

Acordo de apertura da fase de fixación do prezo xusto no proxecto de expropiación forzosa de terreos para a execución da obra de senda peonil e ciclista Naval-Canide (Expediente 2024/PLANEAM/000003 - FG N° 729)

ANUNCIO

Acordo de apertura da fase de fixación do prezo xusto no PROXECTO DE EXPROPIACIÓN FORZOSA DE TERREOS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE SENDA PEONIL E CICLISTA NAVAL-CANIDE (Expediente 2024/PLANEAM/000003 - FG N° 729)

Mediante decreto da Alcaldía núm. 2025004186 do 21 de agosto, resolvéronse as alegacións presentadas na fase de información pública e acordouse abrir un prazo de 15 días hábiles para intentar acadar un mutuo acordo sobre a valoración elaborada pola administración das follas de aprecio no proxecto de expropiación de terreos para a execución da senda peonil e ciclista Naval-Canide, asinado polo arquitecto municipal con data 2 de setembro de 2025.

De non se alcanzar acordo dentro do prazo sinalado, entenderase iniciado automaticamente o procedemento contradictorio para a determinación do prezo xusto, abríndose un novo prazo de 20 días hábiles para que a persoa interesada presente a súa folla de aprecio, debidamente motivada, podendo ir asinada por perito.

O proxecto de expropiación pode consultarse na web do concello, na área de Urbanismo – Trámites de información pública.

Así mesmo solicítase ás persoas titulares de dereitos afectados que aínda non acreditaron a titularidade das parcelas presenten os correspondentes títulos de propiedade.

Oleiros, 17 de setembro de 2025

Ángel García Seoane

Alcalde-Presidente

2025/6089